



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Requirimento de documentación á persoa candidata proposta. Proceso selectivo de 1 praza de Auxiliar Administrativo/a. Procedementos de estabilización de emprego temporal.

Núm. Admvo. Expte: 2023/E001/000010

Expte. Decreto Núm.: 2024/G003/000597

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023, se aprobaron as bases xerais e específicas dos procesos extraordinarios de estabilización de emprego público neste concello, incluídas no oferta de emprego público do ano 2022, aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 577/2022, de 6 de outubro de 2022, relativa a unha praza de AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.

Vista a proposta do tribunal cualificador que avaliou os méritos dos/as candidatos/as que se presentaron ao proceso selectivo para a cobertura de 1 praza de Auxiliar administrativo/a, de data 12/07/2024 respecto da relación definitiva de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación obtida, na que propón nomear á seguinte persoa candidata para a cobertura en propiedade de unha praza de Auxiliar Administrativo/a e a adquisición da condición de persoal laboral fixo:

Apelidos e nome	DNI
Devesa Vidal, Ángela	***1380**

Esta Alcaldía, de conformidade co artigo 21.1.h) da lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e coas bases novena e décima das bases xerais que rexen este proceso selectivo, e en uso das facultades que lle están conferidas,

RESOLVE:

Primeiro. Publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal, a relación definitiva de aprobados, requíreselle á persoa candidata proposta para a praza de **Auxiliar administrativo/a** para que no prazo de vinte días naturais a contar desde esta publicación, achegue a documentación establecida na base décima das bases xerais desta convocatoria, a fin de acreditar que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

Segundo. A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª das bases de selección, non poderá ser contratado/a, dando lugar á invalidez das súas actuacións e á subseguinte nulidade dos actos da comisión de selección con respecto a este, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na súa solicitude.

Terceiro. Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios da casa do concello.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria accidental dou fe.

O alcalde,
Asdo.: Francisco Charlín Oróns

A secretaria accidental
Asdo.: Emilia Alborés Lema